

Cursos DS 2021

CURSO

Protección de datos das persoas traballadoras

Coa colaboración de:

CEG Confederación de Empresarios de Galicia

cel Confederación de Empresarios de Lugo

XUNTA DE GALICIA

GOBIERNO DE ESPAÑA · MINISTERIO DE TRABAJO Y ECONOMÍA SOCIAL · SERVICIO PÚBLICO DE EMPLEO ESTATAL SEPE

Protección de datos das persoas traballadoras

TEMAS

- Aspectos xerais sobre a protección de datos.
- A protección de datos nos procedementos de selección e contratación.
- A protección de datos durante a relación laboral.
- Control da actividade laboral: videovixiancia, xeolocalización, detectives privados, etc.
- Acceso aos datos por parte da representación unitaria e sindical das persoas traballadoras.
- Vixiancia da saúde: acceso aos datos por parte da empresa e dos delegados de prevención. Relacións empresa-servizo de prevención.

RESULTADOS ESPERADOS

Un maior coñecemento dos participantes dos seus dereitos como traballadores, e das súas obrigas si, polo seu traballo, se ven obrigados a traballar con datos persoais doutros traballadores.

DATAS

19, 20, 26 e 27 de novembro de 2021

HORARIO

VENRES | De 16:00 a 20:00 horas
SÁBADOS | De 8:30 a 14:30 horas

LUGAR

Sala Coworking FORUM CEAO
Polígono Industrial O Ceao
Rúa dos Canteiros, S/N - 27003 Lugo

INSCRICIÓN

www.cel.es
Tel. 982 231 150

OBXECTIVOS

Ofrecer unha visión aos participantes non só do concepto e os dereitos e obrigas que con carácter xeral teñen sobre os datos de carácter persoal, senón sobre todo, do uso dos mesmos que se pode facer dende a fase previa ao inicio da actividade laboral, é decir, no proceo de contratación, ata a final da vida laboral, con especial atención ao que sucede cando a relación laboral está vixente.

Así, abordarase o manexo de datos persoais que é necesario facer con carácter previo ao inicio da relación laboral, é decir, nos procedementos de selección de persoal e os problemas que poden xurdir como por exemplo de relación entre empresas, cesión de datos de posibles aspirantes entre elas, etc.

Por outra banda e unha vez iniciada a relación laboral, o obxectivo é que os parcipantes coñezan os dereitos que teñen en relación a cuestións tales como datos aportados para concesión de axudas sociais, dereitos de conciciliación, cesión de datos a outras empresas do grupo ou mesmo subcontratas, etc.

Asimesmo cómpre que teñan tamén unha visión sobre os métodos de control empresarial da activiade laboral, especialmente aqueles que teñen que ver coas novas tecnoloxías como xeolocalización, videovixiancia, control das ausencias en caso de incapacidade temporal, etc. Farase especial fincapé no control nos supostos de teletraballo.

Á vez preténdese tamén que sexan coñecidos os deritos que teñen tanto os representes legais como sindicais dos traballadores, a publicación de datos persoais en taboleiros de anuncios, etc.

Por último, pero non menos importante, todo o que ten que ver cunha categoría de datos de carácter especial como son os datos de saúde, e que son unha cuestión de especial relevancia, sobre todo o que ten que ver co acceso aos datos de vixiancia da saúde por parte da empresa e dos delegados de prevención, as relacións empresa-servizo de prevención, etc.

Coa colaboración de:
CEG Confederación de Empresarios de Galicia
cel Confederación de Empresarios de Lugo
XUNTA DE GALICIA
Gobierno de España · Ministerio de Trabajo y Economía Social · SEPE